




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AGADIC E A EMPRESA GADISA RETAIL SLU DE PATROCINIO DAS ACTIVIDADES QUE SE LEVARÁN A CABO DURANTE O PROGRAMA CULTURAL "CULTURA NO CAMIÑO"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) DECLARA:

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Empresa GADISA RETAIL SLU** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o 6 de marzo de 2017 ata a finalización do programa cultural "Cultura no Camiño"**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre o Agadic e Gadisa no patrocinio das actividades que se levarán a cabo durante a edición de 2017 do programa cultural "Cultura no Camiño", que se desenvolverá dende o 15 de abril ata o 30 de setembro de 2017 en 101 concellos galegos polos que discorren os distintos camiños de Santiago.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:


A Agadic, atendendo ao seu fin de garantir o progreso da cultura galega e o desenvolvemento social, promove anualmente o programa cultural "Cultura no Camiño", que ten como principal obxectivo enriquecer a oferta cultural dos concellos galegos polos que discorren as distintas rutas xacobeas, ao tempo que se dinamiza o mercado laboral cultural.

Unha maior eficacia dos recursos dispoñibles fai necesaria a estreita colaboración coas asociacións, fundacións, institucións e empresas galegas para que, en cada ámbito respectivo de actuación, se poidan realizar, sumando e compartindo esforzos, as actividades culturais que se estimen de interese e utilidade social e cultural. Doutro xeito non sería posible para a Agadic asumir en solitario os custos de todas as actividades culturais que se consideran esenciais para o desenvolvemento cultural en Galicia.

Co afán de impulsar a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomente a participación cidadá e remova os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais e económicos que poden dificultar o acceso á cultura, é polo que a Agadic considera fundamental a colaboración con Gadisa Retail no desenvolvemento deste

galicia





programa ao ser esta unha das empresas galegas que máis implicada está no apoio ás distintas manifestacións de promoción da Cultura.

A Agadic e Gadisa consideran, pois, vantaxoso para os seus intereses a colaboración no desenvolvemento do programa “Cultura no Camiño” dada a gran relevancia dun evento ligado directamente ao Camiño de Santiago, que continúa a ser un fenómeno plenamente actual e un símbolo de identidade, un elemento desestacionalizador e captador de turismo que posiciona a Galicia como marca e como destino diferencial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

